



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS, con DNI nº 33.258.664-C, en calidade de Secretario Xeral da Federación Galega de Caza, da que é Presidente Don Javier Nogueira Diz. -----

CERTIFICA:

Que segundo segundo os datos obrantes no seu poder, na asemblea xeral da FGC celebrada o 20-5-2016, aprobouse por unanimidade a Memoria de Actividades do ano 2015, conforme consta no documento.

E para que así conste, expide a presente certificación en Santiago de Compostela, a trinta de maio de dous mil dezaseis.

Vº Bº

O PRESIDENTE,

Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Ramón Rodríguez Cobas



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria Actividades 2015

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2015

Quen somos?

1. FUNCÍONS E COMPETENCIAS

A Federación Galega de Caza (en diante FGC) é unha entidade deportiva que agrupa aos deportistas (cazadores), e ás sociedades ou asociacións dedicadas á práctica do deporte da caza ou de actividades que con ela se relacionen.

A FGC é o único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma Galega na esfera das súas competencias, e poderá afiliarse e/ou colaborar con outras entidades cinexéticas estatais ou internacionais.

Entre as funcións e **competencias propias**, cabe salienta-las seguintes:

- Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.
- Realizar cantas actividades estean encamiñadas á salvagarda e melloramento do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas. Así mesmo a FGC poderá presta-la súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.
- Fomenta-la educación e formación dos cazadores e gardería, a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.
- Desenvolver iniciativas no campo da ecoloxía dirixidas á defensa do medio natural.
- Coidar e defender ante a opinión pública e institucións de carácter privado ou público a figura do cazador como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.
- Promover cantas accións considere convenientes ou necesarias para a defensa tanto da caza como dos lexitimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas.
- Representa-los seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais, relacionados co deporte da caza, así como propor a ditos órganos as medidas convenientes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexitimos intereses dos cazadores.
- A organización de calquera actividade de promoción, divulgación ou formación permanente que afecte ao interese local ou autonómico.
- Fomentar, ordenar e inspecciona-las actividades deportivas cinexéticas en todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega, así como controla-lo desenvolvemento deportivo das asociacións de cazadores e dos seus afiliados.
- Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza, por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionan co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coadxuvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.
- Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza, a través de actividades dirixidas á xuventude, favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC.



Ademais das competencias que lle son propias **exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.** Baixo a coordinación e tutela da Administración deportiva, exerce en réxime de exclusividade, entroutras, as seguintes funcións públicas delegadas:

- A promoción e divulgación da caza en tódalas súas facetas.
- Apoiar técnica e administrativamente a práctica do deporte da caza, velando ante os organismos competentes polo apoio a esta modalidade deportiva dentro de Galicia.
- Representar á CCAA de Galicia nas actividades e competicións deportivas.
- Cualificar e organiza-las actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico galego.
- Expedir licenzas deportivas ou administrativas para a práctica do deporte da caza.
- Orienta-los deportistas á práctica da caza, mediante os oportunos cursos de iniciación, formación, e perfeccionamento.
- Executar, se é o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Exerce-la potestade disciplinaria sobre os integrantes da Federación nos termos previsto pola lei.
- Colaborar coas Administracións públicas competentes na prevención, control, e represión de substancias prohibidas así como na prevención da violencia no deporte.

2. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

A FGC estrutúrase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas federacións provinciais seguintes: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

3. ÓRGANOS DE GOBERNO

Os órganos da FGC estrutúranse en:

a) Órganos de goberno e representación:

Asemblea xeral.
Comisión delegada da asemblea.
Presidente.

b) Órganos complementarios dos de goberno e de representación da FGC:

Xunta directiva.
Comisión executiva.
Secretario xeral.
Tesoureiro.

c) Órganos técnicos e asesores da FGC:


Comité de disciplina deportiva.
Comité de xuíces e árbitros.
Comisión de xuventudes.
Comisión de competicións.
Comité de mediación, conciliación e arbitraje

Cantos somos?

1. CAZADORES E FEDERADOS


Seguindo a pauta dos últimos anos, Galicia perde respecto ao ano anterior 607 cazadores, ou o que é o mesmo as licenzas de caza baixan o 1,30% mentres que no mesmo período o número de federados baixan preto do 0,44%, polo que **a porcentaxe entre cazadores e federados no mesmo período medra un 0,86%, situándose na actualidade o número de federados no 45% do total de cazadores con licenza de caza**, tras extraer do cómputo das licenzas aquelas emitidas a través dos bancos fóra da CCAA (*gráfico 1 e 2, táboa 1 e 2*).

Ao analiza-la evolución de licenzas de caza por provincias, obsérvase que A Coruña foi a que maior número de cazadores perdeu durante esta tempada, con 358 cazadores menos; seguida de Pontevedra que perdeu 238, e Ourense con 73 cazadores menos que no pasado ano. No lado oposto estaría Lugo que non só non baixa senón que incrementa o número de licenzas en 138. Sen embargo no que se refire aos federados os datos invértense, Coruña medra un 0,23% e Pontevedra apenas baixa un 0,26%, mentres que as provincias do interior, Lugo e Ourense, baixan respecto ao 2014 un 0,59 e un 2,82% respectivamente (*gráfico 3, táboa 3*).



Provincia	Lic Caza 2015	Lic Caza 2014	Dfª	%
CORUÑA	14197	14555	-358	-2,46
LUGO	9925	9787	138	1,41
OURENSE	9233	9306	-73	-0,78
PONTEVEDRA	11167	11405	-238	-2,09
BANCOS	1462	1538	-76	-4,94
TOTAL	45984	46591	-607	-1,30

Gráfico 1, táboa 1: Licenzas de Caza 2015 e 2014 por provincias



Provincia	Cazadores	Federados	% Cazadores Federados
CORUÑA	14.197	6.857	48,3
LUGO	9.925	5.428	54,69
OURENSE	9.233	1.962	21,25
PONTEVEDRA	11.167	5.714	51,17
Bancos (fóra da CCAA)	1.462	0	
TOTAL	45.984	19.961	43,41
Total sen computar Bcos	44.522	19.961	44,83

Gráfico 2, táboa 2: comparativa cazadores e federados 2015




Gráfico 3, táboa 3: Federados 2015 e 2014 por provincias

1.1 Os cazadores: Idade do cazador galego e número cazadores nacionais

Se avaliamos o número de cazadores segundo o tipo de licenzas de caza, observamos que **o 99,62% cazan con armas fronte ao 0,28% que o fan con cans, cetraría, ou arco**. Sen embargo mentres que nas licenzas para cazar con armas se aprecia un descenso do 1,47% respecto ao ano pasado, nas de caza con cans, cetraría ou arco nótase un notable incremento, preto dun 38%, o que pon de manifesto os cambios introducidos na forma de cazar nos últimos tempos (táboa 4 e 5).

No 2015 emitíronse en pouco máis dun mes de vixencia 38 licenzas de caza interautonómicas.

A1 Armas fogo (+18 e -65)	A2 Armas fogo (-18 e +65)	A3 Armas fogo (estranxeiros non CE)	B1 Cans, Cetraría e Arco (+18 e -65)	B2 Cans, Cetraría e Arco (+65 e -18)	B3 Cans, Cetraría e Arco (estranxeiros)	Rehalas caza	Interautonómica	Total licenzas 2015
34.712	11.092	4	91	35	2	10	38	45.984
Total licenzas Armas fogo			Total licenzas Cans, Cetraría e Arco			Total outras licenzas		
45.808			128			48		
% licenzas Armas fogo			% licenzas Cans, Cetraría, e Arco			% Outras		
99,62			0,28			0,10		

Táboa 4: Tipo de licenzas de caza

	2015	2014	%
Licenzas Armas Fogo	45.808	46.492	-1,47
Licenzas Cans, Cetraría, Arco	128	93	37,63
Outras	48	6	700
	45.984	46.591	

Táboa 5: Comparación por tipo de licenza período 2014-2015

I. A idade do cazador galego.

En canto á idade do cazador galego, tomando como referencia os que cazan con armas de fogo por se-lo grupo máis numeroso, obsérvase que **o tramo de idade comprendido entre os 18 e os 65 anos baixa máis dun 4%, mentres que os menores de 18 e maiores de 65 suben o dobre no mesmo período (gráfico 4, táboa 6.)**.




Gráfico 4, táboa 6: Tramos de idade do cazador que utiliza armas de fogo

Os datos confirman a tendencia dos últimos anos, amosando un cazador galego cada vez máis maior, o que por outro lado concide tamén cos datos demográficos de Galicia que amosan ano tras ano maior avellentamento da poboación (táboa 7). Por este motivo, a FGC consciente da necesidade promove-lo relevo xeracional, trasladou á Consellería de MOT un proxecto para impartir cursos de formación e capacitación de cazadores noveis, ao tempo que ven de crear o colectivo das Xuventudes como veremos na derradeira páxina desta memoria.

TIPO DE LICENZA S/TRAMO IDADE	PROVINCIAS					TOTAL
	CO	LU	OU	PO	BCOS (fóra CCAA)	
A1 Armas fogo (+18 e -65 anos)	10.825	7.522	6.615	8.616	1.134	34.712
A2 Armas fogo (-18 e +65 anos)	3.312	2.378	2.587	2.499	316	11.092
A3 Armas fogo (estranxeiros non CE)	1	0	0	0	3	4
B1 Cans, Cetraría e Arco (+18 e -65)	40	6	14	30	1	91
B2 Cans, Cetraría e Arco (-18 e +65 anos)	9	8	8	7	3	35
B3 Cans, Cetraría e Arco (estranxeiros non CE)	1	0	0	0	1	2
C Rehala con fins de caza	2	2	3	2	1	10
I-1 (Interautonómica)	7	9	6	13	3	38
TOTAL	14.197	9.925	9.233	11.167	1.462	45.984
% de maiores de 65 anos e menores de 18:	23,39	24,04	28,11	22,44	21,82	24,2

Táboa 7: Tramos de idade dos cazadores por provincias. Porcentaxe de +65 e -18 anos

II. A comparación do número de cazadores a nivel nacional e autonómico.

Segundo os últimos datos publicados polo MAGRAMA (correspondentes ao ano 2013), en España había 848.243 cazadores con licenza para poder cazar. Preto do **6% deles correspondía a cazadores con licenza de Galicia**, o que a sitúa no posto nº 8 entre as 17 Comunidades Autónomas do Estado (gráfico 5, táboa 8).




Gráfico 5, táboa 8: Licenzas caza por CCAA (ano 2013). Porcentaxe respecto ao total España

1.2. Os federados galegos: tipo de licenza, siniestralidade e ranking

I. O tipo de licenza federativa e provincia

Durante este ano a FGC emitiu exclusivamente licenzas federativas de ámbito autonómico. Das 19.961 licenzas autonómicas habilitáronse 79 con carácter nacional, apenas un 0,40% das licenzas emitidas.

A licenza federativa é un seguro de accidentes que inclúe ademais da asistencia sanitaria outras moitas prestacións, e cubre ao seu titular tanto na práctica deportiva da caza como na actividade cinexética. **O 82,71% dos federados optaron por federarse a través do Documento Único** que ademais da propia licenza federativa leva implícito o seguro de RC do cazador - obrigatorio, voluntario e defensa xurídica- (gráfico 6 e 7).




Gráfico 6 Tipo de federados




Gráfico 7: Comparativa 2015-2014 segundo tipo de Licenza Federativa

A provincia que maior número de federados aglutina é A Coruña, co 34,35%, seguida de Pontevedra co 28,63%, á que lle segue de preto Lugo co 27,19%, e no último lugar sitúase Ourense co 9,83% dos federados autonómicos (táboa 9).

	PRODUCCION 2015						TOTAL	% Provincia
	P	N	Q	R	S	PR		
CORUÑA	1248	188	2263	74	770	2314	6857	34,35
LUGO	1311	83	503	7	1156	2368	5428	27,19
OURENSE	353	49	430	5	255	870	1962	9,83
PONTEVEDRA	540	216	2126	94	1413	1325	5714	28,63
Total Produtos	3452	536	5322	180	3594	6877	19961	
% Produto	17,29	2,69	26,66	0,90	18,01	34,45		
			82,71					

Táboa 9: Resumo de federados, por provincia e por produto

Entre os federados que optaron polo DU o **42% fixérono polo novo Documento *Premium***, lanzado nesta tempada cunhas coberturas de 1 millón de euros, ademais de roubo de armas e RC de dous cans durante todo o ano.

A campaña de promoción lanzada por Mutuasport, pola que os federados pagando a mesma cota do seguro do ano anterior levaban o seguinte de maior cobertura, foi todo un éxito de transformación de documentos, disminuindo o de menor cobertura tipo "N", que pasou do 36,51% do ano pasado ao 3,25% deste ano, en favor doutros de maiores prestacións (*gráfico 8 e táboa 10*).




Gráfico 8: Desagregación de DU según coberturas

Porcentaxe respecto ao total de produción de D.U.					
	N	Q	R	S	PR
Producción 2015	3,25%	32,24%	1,09%	21,77%	41,66%
Producción 2014	36,51%	27,54%	1,31%	34,63%	0

Táboa 10: Comparativa 2015-2014 en porcentaxes respecto da produción total de DU

En canto ao análise dos D.U. por provincias, o ***Premium*** foi o máis emitido en todas agás en Pontevedra no que os federados optaron polo DU tipo "Q" (*gráfico 9*).




Gráfico 9: Desagregación de DU por provincias.

II. A siniestralidade entre os federados.

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, e **8 de cada 10 federados teñen concertado o Seguro de Responsabilidade Civil do Caza con Mutuasport**, a través da FGC.

É significativo tamén o número de cans que durante o 2015 tiñan asegurada a súa Responsabilidade Civil ao longo dos 365 días do ano, un total de 6718 cans, 6100 máis que na tempada anterior. Elo obedece principalmente aos novos produtos lanzados por Mutuasport : Anexo do DU Premiun e novo Anexo de cans con franquicia (táboa 11).

	Federados	Federados con RC Cazador	Cans asegurados con RC
CORUÑA	6857	5609	2028
LUGO	5428	4117	2688
OURENSE	1962	1609	837
PONTEVEDRA	5714	5174	1165
	19961	16509	6718

Táboa 11: Federados e asegurados con RC.

Durante o 2015 producíronse en Galicia **144 accidentes entre os federados**, 62 de danos propios e 82 de RC.

Ao compara-lo número de accidentes de danos persoais co número de federados, obsérvase que **o índice de siniestralidade en Danos Propios están en 3 sinistros por cada 1000 federados**, mentres que **en R.C. estaría en menos de 5 accidentes por cada 1000 asegurados**. Os danos máis comúns en DP foron as lesións nas extremidades mentres que en RC foron os danos materiais ou danos a animais (*táboa 12 e 13*).

Provincia	Federados	Accidentes D.P.	%	Asegurados	Accidentes RC	%
CORUÑA	6857	22	0,32	5609	32	0,57
LUGO	5428	14	0,26	4117	9	0,22
OURENSE	1962	6	0,31	1609	12	0,75
PONTEVEDRA	5714	20	0,35	5174	29	0,56
	19961	62	0,31	16509	82	0,50

Táboa 12: Índice de siniestralidade.

	Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			Total Tipo Seguro			TOTAL
	DP	RC	AP	DP	RC	AP	DP	RC	AP	DP	RC	AP	DP	RC	AP	
Falecidos accidentes caza													0	0	0	0
Falecidos causas naturais	1									1			2	0	0	2
Falecido in itinere													0	0	0	0
Invalidez													0	0	0	0
Extremidades	16			7			3			8			34	0	0	34
Cara/cabeza/cráneo/boca		1		1						2			3	1	0	4
Ollos/oidos	2	1											2	1	0	3
Torax/Espalda				2						2	1		4	1	0	5
Feridas múltiples/policontusións	1	1			1								1	2	0	3
Outras				4			1			3			8	0	0	8
Escopeta	2						2			3			7	0	0	7
Cans		26			6		12			25			0	69	0	69
Danos materiais, animais ou cousas		3			2					1	3		1	8	0	9
Outros (Reclamacións DX)													0	0	0	0
	22	32	0	14	9	0	6	12	0	20	29	0	62	82	0	144

Táboa 13: Número de sinistros por tipo de cobertura e diagnose das lesións.

- Os accidentes persoais (danos propios)**

Os accidentados de danos propios representan o 0,31% dos federados, deles **o maior número de lesións (un 55%) corresponden a danos nas extremidades**, e un 11% a danos nas escopetas, pero tamén houbo que lamentar durante esta tempada dúas vítimas falecidas por "*causas naturais*" mentres practicaban a caza (*gráfico 10 e 11*).




Gráfico 10: Comparación federados e sinistros de danos propios.




Gráfico 11: Diagnóstico das lesións de danos propios

- Os accidentes producidos a terceiros (responsabilidade civil)**

Os sinistros de responsabilidade civil do cazador (*Documentos Únicos*) representan un 0,50% do total de asegurados, pero se debullámo-los datos máis polo miúdo observamos que **os danos a persoas representan o 6% fronte ao 94% que corresponde a danos materiais e danos a animais (gráfico 12 e 13).**




Gráfico 12: Comparación asegurados e sinistros de RC




Gráfico 13: Diagnóstico das lesións de responsabilidade civil

Ademais dos sinistros anteriores tamén se computan neste exercicio dúas reclamacións de **Defensa Xurídica**, unha por reclamación de danos e outra que corresponde a unha reclamación xudicial.

- **A siniestralidade por provincias**

Ao compara-lo número de accidentes de cadaunha das provincias co total dos sinistros ocorridos na CCAA, **a maior siniestralidade produciuse en A Coruña co 37%**, seguida de Pontevedra co 34%, Lugo co 16% e por último Ourense co 13% (gráfico 14).




Gráfico 14: Porcentaxe de siniestralidade respecto ao número total de accidentes

Sen embargo se comparamos o número de accidentes de cada provincia co número de federados da respectiva provincia, **o cociente máis baixo correspondería a Lugo, con 0,42 accidentes por cada 100 federados**, mentres que o máis alto correspondería a Ourense con 0,92 accidentes por cada 100 federados (gráfico 15, táboa 14).




Gráfico 15: Índice de siniestralidade en función do nº de federados de cada provincia

Provincia	Sinistros	Federados	Cociente
CORUNA	54	6857	0,79
LUGO	23	5428	0,42
OURENSE	18	1962	0,92
PONTEVEDRA	49	5714	0,86

Táboa 14: Comparación entre total sinistros e federados por provincia

- A evolución dos accidentes entre os federados**

Nos últimos seis anos a media de sinistros en Danos Propios sitúase en menos 3 accidentes por cada 1000 federados (dos 47 accidentes ocorridos no ano 2010 pasouse aos 62 do ano 2015); mentres que no mesmo período a media en Responsabilidade Civil foi de 4 accidentes por cada 1000 asegurados; pasando dos 65 sinistros ocorridos no ano 2010 aos 82 do ano 2015 (táboa 15, gráfico 16).

Tipo de Sinistros						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Danos propios	47	58	44	66	53	62
Responsabilidade Civil	65	84	69	64	60	82
Número de Federados						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Federados	21242	21479	21018	20160	20049	19961
Asegurados RC Cazador	17798	17659	17215	16473	16166	16509
Índice de siniestralidade entre os federados						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015
DP	0,22	0,27	0,21	0,33	0,26	0,31
RC	0,37	0,48	0,4	0,39	0,37	0,5

Táboa 15: Índice de siniestralidade período 2010-2015




Gráfico 16: Evolución da siniestralidade 2010-2015

- O ranking de federados entre as distintas federacións deportivas

- ✓ Deporte Galego.

A FGC mantense de 2ª no ranking do *Deporte Galego* tanto en número de deportistas como de clubs federados, entre as 63 federacións deportivas galegas, por detrás de Fútbol, segundo datos do CSD correspondentes ao ano 2014 (gráfico 17 e 18).




Gráfico 17: Ranking Federados Deporte Galego




Gráfico 18: Ranking Clubs federados Deporte Galego

- ✓ Grupo Federaciones F-8.

A Federación Autónoma de Baleares ven de sumarse ao grupo de federacións F-8, nas que están Andalucía, Aragón, Cataluña, Castela León, Castela a Mancha, Extremadura, Navarra e Galicia, e deixa de emitir as licenzas federativas a través da RFEC pasando a xestionalas –ao igual que o resto do F8- a través de Mutuasport.

Galicia mantense en cuarta posición no ranking de federados F8, entre as 9 federacións autonómicas citadas, detrás de Andalucía, Cataluña e Aragón, cun 8% do total de federados a través de Mutuasport (gráfico 19, táboa 16).




Gráfico 19: Ranking federados F-8

FED AUT	Ano 2015	Ano 2014
FED ANDALUZA	92.614	91.361
FED CATALANA	42.712	43.741
FED ARAGONESA	26.473	26.844
FED GALEGA	19.961	20.119
FED C. MANCHA	15.531	16.572
FED C. LEÓN	15.485	15.888
FED EXTREMEÑA	15.026	14.508
FED NAVARRA	3.663	3.586
BALEARES	5.261	
Total Federados (F8)	236.726	232.619

Táboa 16: Comparación federados F8 período 2014-2015

No apartado seguinte cotexaremos os federados do F8 en relación ao total de federados da modalidade de caza extraídos das estatísticas do CSD. Sabemos que se a comparación a realizásemos con datos do 2015 a balanza inclinaríase bastante máis a favor do F8 -coa nova incorporación de Baleares-, sen embargo énos imposible dita comparación porque os datos do CSD non están actualizados.

✓ **Consello Superior de Deportes (CSD).**

No cómputo total do Estado, no que están contabilizadas tódalas licenzas federativas tanto de ámbito autonómico como nacional (incluídas as do F8), **a caza mantense como terceiro deporte en número de federados**, segundo datos oficiais procedentes das estatísticas do CSD correspondentes ao 2014 (gráfico 20).




Gráfico 20: Comparación entre federados das distintas modalidades deportivas a nivel estatal

✓ **Real Federación Española de Caza (RFEC). A súa evolución desde o 2012.**

No ano 2012, tralas controvertidas eleccións da RFEC (anuladas posteriormente por Sentenza da Audiencia Nacional) xurde un tenso conflito entre 7 federacións autonómicas (Andalucía, Aragón, Cataluña, Castela León, Castela A Mancha, Navarra e Galicia) ás que máis tarde se uniría Extremadura. Conflito que ven de saldarse coa inhabilitación, por parte do CSD, do Presidente Nacional por desoír tanto a Sentenza da Audiencia Nacional como as varias Resolucións ditadas polo Tribunal Administrativo do Deporte (TAD) que, ordenaron por activa e por pasiva, a repetición das eleccións daquel ano, eleccións que por certo seguen sen convocarse no momento de pechar esta memoria.

A tirante situación vivida durante estes últimos anos, fixo que o número de cazadores federados no conxunto do estado (no que están contabilizadas tanto as licenzas de ámbito autonómico como nacional) descendese máis do 14% no período 2011-2014, segundo as estatísticas do CSD, pasando dos 390.856 federados do ano 2011 aos 335.754 do ano 2014.

Aínda que é certo que as Federacións integrantes do F8 tamén perderon no mesmo período un número importante de federados –unhas máis que outras- non é menos certo que para a RFEC a situación volveuse absolutamente insostible a nivel económico, co cal resulta cando menos incomprensible que por parte desta institución se siga a facer caso omiso aos órganos xudiciais e deportivos.

Os datos veñen a confirmar o que as federacións disidentes veñen manifestando desde o primeiro momento, é dicir que son elas -as federacións integradas no grupo F8- as que representan preto do 70% dos federados do conxunto do Estado e paradóxicamente foi tamén a elas ás que menos representación se lles asignou no proceso electoral do 2012 (gráfico 21, táboa 17).




Gráfico 21: Comparación federados F8 e resto federacións autonómicas período 2011-2014
(sinalar que na gráfica anterior Baleares non está computada no F8)

	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013	Ano 2014
% Federados F8 respecto ao conxunto de España	68,86%	69,63%	69,45%	69,28%

Táboa 17: Porcentaxe de federados do F8 respecto ao resto de federacións
(sinalar que na táboa anterior Baleares non está computada no F8).

1.3. A evolución dos cazadores e federados desde o ano 1987.

Desde o ano 1987 Galicia perdeu a metade dos cazadores, pasando das 94.067 licenzas de caza daquel ano ás 45.984 do ano 2015, mentres que no mesmo período o número de federados medrou nun 45 (obviando do total de licenzas aquelas que se expediron fóra da Comunidade a través dos bancos), pasando dos 8.756 aos 19.961.

Durante o ano 2015 produciuse a porcentaxe máis alta entre cazadores e federados, se obviasmos os datos do ano 2008, debido a que naquel ano producírase un fallo técnico na comunicación entre os equipos informáticos dos bancos e da Xunta, e os datos puideran non ser fiables ao cen por cen (gráfica 22, táboa 18).




Gráfico 22: Evolución de cazadores e federados durante o período 1987-2015

	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
CAZADORES	94067	90584	94793	108522	104950	94387	88780	87536	85640	84474	79263	76799	74894	71824	68760
FEDERADOS	8756	10197	10111	12736	15771	16249	17040	18795	18647	17996	18095	17122	18742	19644	20151
% Cazadores federados	9,31	11,26	10,67	11,74	15,03	17,22	19,19	21,47	21,77	21,30	22,83	22,29	25,02	27,35	29,31

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
CAZADORES	63604	61003	59145	60979	58797	56467	41404	52761	53535	52016	49630	46648	46591	45984
FEDERADOS	19983	20575	21388	21173	20767	21413	21594	21587	21242	21479	21018	20160	20049	19961
% Cazadores federados	31,42	33,73	36,16	34,72	35,32	37,92	52,15	40,91	39,68	41,29	42,35	43,22	43,03	43,41

Táboa 18: Evolución de cazadores e federados 1987-2015

1.4. A migración dos cazadores galegos a outras CCAA.

Segundo o *Estudo sobre a Repercusión Económica e Social da Caza en Galicia*, elaborado pola FGC en colaboración coa USC no pasado 2013, estímase que **arredor dun 27% dos cazadores galegos adoitan saír de Galicia para Cazar**. Se tomamos este dato como referencia e á actualidade poderíase concluír que 5.389 cazadores galegos practicaron a actividade cinexética fóra da CCAA.

Pola contra, se consideramos que as licenzas de caza de Galicia expedidas fóra da CCAA a través das entidades bancarias, corresponden a cazadores doutras CCAA que veñen cazar a Galicia (1.462 licenzas), o saldo migratorio sería negativo, é dicir por cada 100 cazadores galegos que saen fóra veñen a Galicia 27 doutras Comunidades.

I. Cazar fóra de Galicia: Licenzas de caza doutras CCAA.

Segundo os datos de licenzas de caza xestionadas desde a Federación Galega de Caza para outras Comunidades Autónomas, **máis do 4% dos federados traspasaron as fronteiras galegas para cazar noutras Autonomías**, en total 825 federados -58 menos que no 2014-, nembargantes é importante salientar que esta porcentaxe aumenta notablemente se temos en conta o elevado número de federados que solicitan as licenzas directamente coas Comunidades Autónomas, a través de internet, ou a través doutro tipo de mediadores.

Como ven sendo habitual ano tras ano, os galegos desprazáronse principalmente ás dúas Castelas, a onde o fixeron o 96%, mentres que o outro 4% repartíronse entre Extremadura, Madrid, Aragón, Andalucía, Asturias, Valencia, e Cataluña (gráfico 23, táboa 19).




Gráfico 23: Cazadores que acudiron a practica-la caza a outras CCAA

	CORUÑA (+Stgo)	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
C.MANCHA	110	47	54	257	468
C.LEÓN	40	1	86	195	322
MADRID	3	0	0	5	8
EXTREM	3	0	1	8	12
VALENCIA	1	0	1	0	2
CATALUÑA	0	1	0	0	1
ASTURIAS	0	0	1	2	3
ANDALUC	1	0	0	3	4
ARAGÓN	0	0	0	5	5
TOTAL	158	49	143	475	825

Táboa 19: Detalle por provincia dos cazadores que acudiron a fóra de Galicia

Se debullamos os datos anteriores, correspondentes ás licenzas tramitadas por provincias, observamos que **os cazadores pontevedreses son os que máis cazan fora de Galicia**, un 58% do total das licenzas tramitadas, mentres que na parte oposta están os lucenses con apenas un 6% do total de licenzas (gráfico 24).




Gráfico 24: Desglose por Provincias das Licenzas de caza tramitadas para outras CCAA

II. A evolución das Licenzas doutras CCAA desde 2010.

Desde o ano 2010, uns 240 federados deixaron de tramitar a través da FGC a licenza de caza para outras CCAA, en boa medida mercé ás facilidades que están a dar aos cazadores os Servizos de Licenzas das diferentes Comunidades Autónomas a través de internet e os propios cotos aos que se desprazan a cazar, pero tamén poderían estar a influír outros factores como a crise económica e o descenso do número de cazadores -7551 cazadores menos entre 2010 e 2015- (gráfico 25).




Gráfico 25 – Detalle por Provincias das Licenzas de caza tramitadas para outras CCAA

1.5. A relación entre os cazadores, federados e a poboación galega.

Ao comparar o número de cazadores co censo de poboación da CCAA correspondente ao ano 2015, obsérvase que **de cada 100 habitantes galegos 2 deles son cazadores**. Aínda que a primeira vista este dato poida resultar intrascendente, ao analízalo máis polo miúdo constátase que a caza en Galicia segue a se-lo deporte tradicional e de referencia do rural galego, en especial **nas provincias do interior onde o número de cazadores por habitante achégase aos 3 cazadores por cada 100 habitantes** (táboa 20).

En canto ao número de federados en relación coa poboación, 1 cazador federado por cada 100 habitantes, semella insignificante pero se este dato o analizamos no contexto do deporte federado é moito máis representativo do que nun principio parecía, porque **de cada 100 habitantes galegos 7 son deportistas federados**. Deles, **2 practican o fútbol, 1 a caza, e os 5 restantes repartense ata en 61 modalidades deportivas diferentes** (baloncesto, golf, balonmano, ciclismo, patinaxe, atletismo, actividades subacuáticas, montaña, hípica, judo, kárate, natación, remo, surf, taekwondo, tenis, tiro olímpico, triatlón, vela, voleibol, etc. etc. etc)

	Poboación	Cazadores	Federados	Media de cazadores por 100 habitantes	Media de federados por 100 habitantes
Coruña	1.127.196	14197	6857	1,26	0,61
Lugo	339.386	9925	5428	2,92	1,6
Ourense	318.391	9233	1962	2,9	0,62
Pontevedra	947.374	11167	5714	1,18	0,6
Outros (Lic. Bcos)		1462			
	2.732.347	45.984	19.961	1,68	0,73

Táboa 20: Relación entre habitantes, cazadores e federados

2. AS ENTIDADES DEPORTIVAS E OS TECORES

Durante o ano 2015 afiliáronse á FGC 15 novas entidades, e causaron baixa 19 (2 por disolución, 2 voluntarias, e 15 por expedientes tramitados por impago en cumprimento do acordo da asemblea do ano 2014).

O ano pechouse con **474 entidades deportivas afiliadas**, das que **72 corresponden a entidades puramente deportivas** (paxariles, cetraría, arco, tiro, agility, peñas, etc.) mentres que as outras **402 sociedades xestionan o 85% dos tecores da CCAA** -de titularidade propia ou compartida- (táboa 21).

	Nº Entidades Deportivas	Nº Entidades con Tecor	Total Entidades Federadas	Nº Tecores Admdos Entidades Federadas	Nº Tecores Admdos outras Sdades	Total Tecores
CORUÑA	25	114	139	111	13	124
LUGO	7	137	144	131	18	149
OURENSE	13	69	82	68	39	107
PONTEVEDRA	27	82	109	73	0	73
TOTAL	72	402	474	383	70	453

Táboa 21: Entidades e tecors por provincias

2.1. As sociedades de caza federadas.

Ao avalia-los datos por Provincia, observamos que **Lugo, co 31% (144 sociedades) é a provincia que maior número de entidades representa**, seguida de Coruña co 29% (139), Pontevedra cun 23% (109), e no último lugar sitúase Ourense co 17% (82) de sociedades (gráfico 26).




Gráfico 26: Porcentaxe de entidades afiliadas por provincia

2.2. Os tecores e explotacións cinexéticas.

No 2015 existían na CCAA un total de **453 tecores xestionados por entidades sen ánimo de lucro, fronte a 27 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por suxeitos ou empresas mercantís, confirmándose polo tanto que en Galicia, a diferenza do que ocorre noutros lugares, practícase a caza social (*gráfico 27*).




Gráfico 27: Tipo de terreos cinexéticos

I. Os terreos cinexéticos ordenados (tecores).

O 85% dos tecores están xestionados polas 402 entidades deportivas federadas, mentres que o 15% restante adminístranos outro tipo de asociacións de cazadores non federadas (*gráfico 28*).




Gráfico 28: Tecores xestionados por entidades federadas e outro tipo de asociacións

Se examinámo-los datos por provincias, veremos que **o 100% dos tecores de Pontevedra (73) están federados**; mentres que en Coruña estano o 90% fronte ao 10% de non federados; en Lugo están afiliados o 88% fronte ao 12% que non o están, e en Ourense están federados o 64% fronte ao 36% (gráfico 29).




Gráfico 29: Tecores federados e non federados, por provincias

II. As explotacións cinexéticas Comerciais.

En Galicia, **por cada 100 tecores hai 6 explotacións cinexéticas**; a meirande parte delas concéntranse nas provincias de Lugo e Pontevedra (8), seguidas de Ourense con 6, e por último A Coruña hai 5 explotacións (táboa 22).

	Nº Explotacións Cinexéticas
CORUÑA	5
LUGO	8
OURENSE	6
PONTEVEDRA	8
TOTAL	27


Táboa 22: Explotacións cinexéticas, por provincias

III. A superficie cinexética.

Do total **da superficie do territorio galego o 90% está acoutado para a práctica da caza**, a través de tecores ou explotacións cinexéticas comerciais; dela **o 99,66% corresponde aos 453 tecores** mentres que as 27 explotacións cinexéticas apenas abarcan o 0,34% da superficie cinexética (imaxe 1 e 2).



Imaxe 1: Superficie cinexética respecto da superficie da CCAA



Imaxe 2: Porcentaxe superficie tecores e explotacións

Do total da superficie administrada por terreos cinexéticamente ordenados, **o 86% corresponde á extensión dos tecores xestionados por entidades federadas**, mentres que o 14% corresponde a tecores xestionados por outras asociacións de caza non federadas (gráfico 30).




Gráfico 30: Superficie dos tecores federados e non federados

Ao compara-lo total da superficie cinexética coa de cada unha das provincias, observamos que **Lugo é a provincia con maior superficie, máis do 35% do territorio cinexético de Galicia**, e no lado oposto estaría Pontevedra con pouco máis do 13% (táboa 23).

	Nº Tecores	Superficie cinexética tecores (en has.)	% Superficie
CORUÑA	124	695.810	26,35
LUGO	149	929.414	35,20
OURENSE	107	664.419	25,17
PONTEVEDRA	73	350.552	13,28
	453	2.640.195	

Táboa 23: Superficie cinexética dos tecores por provincia

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais, a provincia de Lugo é de maior superficie, e a de menos Coruña (táboa 24).

	Nº Explotacións Cinexéticas	Superficie Explotacións (en has.)	%
CORUÑA	5	1398	15,57
LUGO	8	3368	37,51
OURENSE	6	1781	19,83
PONTEVEDRA	8	2433	27,09
	27	8980	

Táboa 24: Superficie cinexética das explotacións cinexéticas, por provincia

IV. A relación entre os tecores e os municipios.

Se comparámo-lo número de tecores co número de municipios existentes na CCAA, obsérvase a importancia da actividade cinexética tanto a nivel social como económico no ámbito municipal, con **máis dun Tecor por municipio** –no caso de Lugo supérase o dobre-, o que trasladado a outro tipo de deportes máis populares, sería o mesmo que dicir que tódolos concellos teñen máis dun *polideportivo* nos que practicarían o deporte cinexético 102 deportistas durante cada unha das xornadas cinexéticas, mentres que Explotación Cinexéticas apenas hai 9 por cada 100 municipios (táboa 25, gráfico 31).

	Municipios	Tecores	E. Deportivas	Explotacións	Media de Tecores por municipio	Media de E. Deportivas por municipio	Media de Explotacións por municipios
A Coruña	93	124	129	5	1,33	1,39	0,05
Lugo	67	149	157	8	2,22	2,34	0,12
Ourense	92	107	113	6	1,16	1,23	0,07
Pontevedra	62	73	81	8	1,18	1,31	0,13
	314	453	480	27	1,44	1,53	0,09

Táboa 25: Media de tecores, sociedades e explotacións por municipio




Gráfico 31: Media de tecores e explotacións por municipio



Que caza practicamos?

1. A CAZA COMO ACTIVIDADE REGULADORA DO ECOSISTEMA

Os cambios producidos no campo galego, xunto coa aparición de cultivos extensivos, entroutros factores, provocou o crecemento, a veces desmedido, de determinadas especies como o xabaril, raposo, ou corzo, en detrimento doutras como a perdiz ou o coello que foron perdendo o seu hábitat e alimento, ao que se sumaron nos últimos tempos tamén as enfermidades, en especial a EVH no coello, nas que o colectivo de cazadores leva anos traballando para mitigar os seus efectos.

Faise polo tanto necesaria a recuperación dos ecosistemas de determinadas especies, pero tamén a caza selectiva e controlada doutras (xabaril, raposo, corzo) para acadar unha poboación sostible, adaptada á capacidade de cada territorio, que pola densidade actual das súas poboacións están a ocasionar importantes danos na agricultura, gandería, silvicultura, e na circulación.

A falta de datos oficiais dos resultados de capturas de caza menor, analizaremos neste apartado a caza maior, debullando os datos de cupos autorizados e capturas facilitados pola Consellería MOT, así como a incidencia das poboacións cinexéticas nos accidentes de tráfico, e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de tecores que deben afrontar custosos seguros para cubri-la responsabilidade civil derivada dos accidentes de tráfico orixinados pola fauna cinexética.

1.1. A caza maior na tempada 2014-2015.

Durante a tempada 2014-2015, última da que se conta cos datos actualizados, autorizouse un **cupo total de 29.723 especies de caza maior do que se capturou o 67%, quedando un excedente de 9.888 animais.**

Se debullamos os datos por tipo de animal, obsérvase que **no caso do xabaril capturouse o 76% do cupo autorizado, no corzo cobrouse o 53%, no cervo o 36%, no caso do muflón cobrouse 1 animal e na cabra montés cobrouse o 92% do cupo (12 cabras).**

Se a análise a realizamos por provincias, a que maior cupo dispoñible tiña era Lugo co 40% do total do cupo autorizado para toda a CCAA, 11.755 animais dos que capturou o 62% quedándolle un excedente de 7.274 animais. A continuación cun cupo do 37% sobre o total estaría Ourense, con 11.061 animais dos que cobrou o 67%, quedándolle un sobranse de 7.409 animais. Séguelle a provincia de A Coruña cun cupo do 16%, 4.714 animais dos que capturou o 79% quedándolle un remanente do 3.743 animais; e no último lugar sitúase a provincia de Pontevedra cun cupo do 7%, 2.193 animais dos que cobrou o 64% (táboa 26 e 27 gráfico 32 e 33).



	Xabaril		Corzo		Cervo		Muflón		Cabra montés		TOTAL		% Capturas s/cupo Provincia
	CUPO	CAPTURAS	CUPO	CAPTURAS	CUPO	CAPTURAS	CUPO	CAPTURAS	CUPO	CAPTURAS	CUPO	CAPTURAS	
CORUÑA	2534	2148	2086	1533	94	62	0	0	0	0	4714	3743	79,4
LUGO	6767	5246	4954	2015	34	13	0	0	0	0	11755	7274	61,88
OURENSE	6864	5165	3720	2131	359	100	105	1	13	12	11061	7409	66,98
PONTEVEDRA	1962	1282	231	127	0	0	0	0	0	0	2193	1409	64,25
TOTAL	18127	13841	10991	5806	487	175	105	1	13	12	29723	19835	66,73
% Capturas s/cupo animal	76,36		52,83		35,93		0,95		92,31		66,73		

Táboa 26: Cupos e capturas por animal e por provincia

	Cupo	Capturas	Cupo Provincial s/total CCAA	Capturas Provincia s/total CCAA
CORUÑA	4714	3743	15,86	18,87
LUGO	11755	7274	39,55	36,67
OURENSE	11061	7409	37,21	37,35
PONTEVEDRA	2193	1409	7,38	7,10
TOTAL	29723	19835		

Táboa 27: Porcentaxe de cupo e de capturas sobre total autorizado, por provincia




Gráfico 32: Cupo e capturas por animal




Gráfico 33: Cupo e capturas por provincia

1.2. A evolución da caza maior desde 2011.

Durante a tempada 2014-2015 **capturouse un 6% menos que na tempada anterior**, e respecto á tempada 2011-2012 un 14% menos (táboa 28, gráfico 34).

	Cupo	Capturas	%
Tempada 14/15	29723	19835	66,73
Tempada 13/14	29616	21664	73,15
Tempada 12/13	30836	22874	74,18
Tempada 11/12	28083	22558	80,33

Táboa 28: Cupos e capturas período 2011-2015




Gráfico 34: Evolución dos cupos e capturas período 2011-2015

1.3. A siniestralidade producida polos animais de caza e os seguros de cotos.

A pesar do extraordinario esforzo que veñen realizando, ano tras ano, as sociedades de cazadores para controla-las poboacións de caza maior, **o número de sinistros producidos pola fauna cinexética medrou novamente durante este ano**, en especial nas provincias do interior.

I. Os accidentes de circulación producidos por animais cinexéticos.


Segundo os datos da DGT correspondentes ao ano 2015, en Galicia **producíronse 2.869 accidentes de circulación provocados pola fauna cinexética**, un 28% máis de sinistros que no 2014.

O 93% do total dos accidentes orixináronos o xabaril e o corzo, con 1.797 e 860 accidentes, respectivamente.

As provincias do interior, Lugo e Ourense, mantendo a tendencia dos últimos anos, seguen a ser as que maior siniestralidade sofren, un 40% e 29%, respectivamente, durante esta anualidade (**táboa 29, gráfico 35**).

	Xabaril	Corzo	Cervo	Lobo	Raposo	Coello	Lebre	Aves	Teixugo	Outros animais	Non identificados	TOTAL	%
CORUÑA	412	155	1	5	20	0	1	1	16	1	26	638	22,24
LUGO	680	402	0	1	31	0	1	3	10	1	14	1143	39,84
OURENSE	521	264	0	0	13	1	1	0	9	3	12	824	28,72
PONTEVEDRA	184	39	1	1	13	0	0	0	8	5	13	264	9,2
TOTAL	1797	860	2	7	77	1	3	4	43	10	65	2869	
%	62,64	29,98	0,07	0,24	2,68	0,03	0,1	0,14	1,5	0,35	2,27		

Táboa 29: sinistros producidos polos animais cinexéticos no 2015, porcentaxe por animal e provincia



Gráfica 35: sinistros producidos polos animais cinexéticos no 2015

II. A evolución dos accidentes de tráfico desde o 2010.

Se analizamos a siniestralidade durante o período 2010-2015, observaremos que **este tipo de sinistros medraron no conxunto da CCAA un 42%, pasando dos 2.025 accidentes de tráfico do ano 2010 aos 2.869 do 2015**. Os accidentes foron provocados maioritariamente polo xabaril e polo corzo, superando o 90% durante todo o período analizado.


Ao debulla-la siniestralidade por provincias, durante o mesmo período, vemos que **Lugo foi a que máis subiu neste tipo de accidentes, dos 771 ocorridos no ano 10 pasou aos 1.143 do ano actual**; situándose a continuación Ourense que dos 496 accidentes pasa a 824; mentres que no lado oposto atópase Pontevedra –única provincia que baixa no mesmo período- que pasa de 271 sinistros a 264 (táboa 30 e 31, gráfico 36 e 37).

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Difº 2010-2015
CORUÑA	487	327	543	539	444	638	151
LUGO	771	549	1030	993	953	1143	372
OURENSE	496	270	554	657	619	824	328
PONTEVEDRA	271	178	278	305	219	264	-7
	2025	1324	2405	2494	2235	2869	844

Táboa 30: Evolución, por provincias, dos accidentes producidos pola fauna cinexética no período 2010-2015

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	Difº 2010-2015
Xabaril	1237	719	1422	1464	1379	1797	560
Corzo	592	482	751	788	717	860	268
Cervo	7	6	9	9	5	2	-5
Lobo	0	0	0	0	9	7	7
Raposo	43	21	39	65	65	77	34
Coello	0	0	0	0	2	1	1
Lebre	0	0	0	0	3	3	3
Aves	0	0	0	0	3	4	4
Outros animais	146	96	184	168	52	53	-93
Non identificados	0	0	0	0	0	65	65
	2025	1324	2405	2494	2235	2869	844

Táboa 31: Evolución, por especie, dos accidentes de tráfico producidos pola fauna cinexética no período 2010-2015



Gráfica 36: Evolución, por provincias, dos accidentes de tráfico durante o período 2010-2015




Gráfico 37: Evolución dos accidentes producidos polos animais máis habituais

III. Os seguros de responsabilidade civil de tecores, e a siniestralidade.

Na actualidade o 56% dos tecores administrados por entidades de cazadores federadas teñen concertado o seguro de RC de Cotos con Mutuasport ou con outras aseguradoras a través da FGC.

En números absolutos, respecto ao 2014 tramitáronse 10 pólizas menos no conxunto de tódalas provincias, debido á gran oferta e consecuentemente á gran disparidade de prezos que existen no mercado actual, o que se traduce en máis amplas posibilidades para as sociedades de cazadores (táboa 32).

	Tecores xestionados por E. Federadas	Total seguros RC tecor	%
A Coruña	111	69	62,16
Lugo	131	84	64,12
Ourense	68	19	27,94
Pontevedra	73	42	57,53
	383	214	55,87

Táboa 32: Porcentaxe tecores asegurados coa mediación da FGC durante o 2015

Durante esta tempada a media de sinistros situouse en 0,59 accidentes por tecor. O maior número de accidentes orixinados pola fauna cinexética entre os tecores asegurados a través da FGC producíronse nas provincias de Lugo e Ourense con preto de 1 accidente, e a máis baixa en Pontevedra con apenas 0,10 accidentes por tecor asegurado.

Durante o 2015 rexistrouse a siniestralidade máis baixa dos últimos seis anos, con **298 accidentes menos que no 2010** (táboa 33 e 34, gráfico 38).

	Total seguros RC tecor	Total Sinistros	Media sinistros/tecor
CORUÑA	69	26	0,38
LUGO	84	83	0,99
OURENSE	19	13	0,68
PONTEVEDRA	42	4	0,10
	214	126	0,59

Táboa 33: Media de sinistros por tecores asegurados a través da FGC

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Tecores asegurados	265	246	217	230	226	214
Sinistros	424	535	460	430	259	126
Media de sinistros p/tecor	1,60	2,17	2,12	1,87	1,15	0,59

Táboa 34: Media de sinistros por tecores asegurados, período 2010-2015




Gráfico 38: Comparación tecores asegurados e sinistros, período 2010-2015



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

2. A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA E COMPETITIVA

A FGC é a **única entidade autorizada para organizar as competicións oficiais da modalidade de Caza de ámbito autonómico**, competencia delegada pola Xunta de Galicia á FGC.

Anualmente, a Federación Galega de Caza organiza os campionatos autonómicos e provinciais das especialidades de percorridos de caza con pratos, percorridos de caza con arco, caza con arco ao voo, compak sporting, paxariles, cans de rastro atrelados sobre xabril, rastro de coello, san huberto, cans de parada, cetraría, raposo, caza menor, arceas, agility, e durante o 2015 incorporouse tamén a especialidade de field target e huntig field target; ademais de organizar diversas competicións puntuables para Copa Galicia das especialidades de percorridos de caza con pratos, raposo, rastro de xabril, rastro de coello, san huberto, e cans de parada.

2.1. O calendario 2015: probas, participación, e resultados.

Durante a tempada deportiva 2015 a FGC organizou e dirixiu técnica e administrativamente **93 campionatos oficiais** (41 campionatos provinciais, 14 galegos, 16 puntuables para a Liga Autonómica, 20 competicións puntuables para a Copa Galicia, e 2 probas oficiais abertas); 19 competicións máis que na edición anterior.

O maior número de competicións corresponde á disciplina de agility, xabril, e san huberto, con 16, 14, e 11 probas oficiais, respectivamente.

A participación foi de 4.505 deportistas (584 máis que na tempada anterior), **preto dunha cuarta parte dos federados participaron en competicións oficiais**.

A media de participación máis alta -respecto ao número de competicións de cada unha das disciplinas- correspondeu a Raposo e Paxariños, cunha media de máis de 278 e de 102 participantes, respectivamente e a máis baixa foi en Cetraría e caza menor, cunha media de 13 e 14 participantes por competición.

Para a organización dos diferentes campionatos oficiais a FGC mobilizou **277 xuíces e árbitros**, unha media de 3 xuíces por competición que xulgaron unha media de 16 participantes por proba.

Ademais das competicións oficiais sinaladas no parágrafo 1 deste apartado, a FGC autorizou a **celebración de 101 competicións e adestramentos de carácter social e outras probas abertas** de libre participación, que organizaron as entidades deportivas de Cazadores, polo que **se sumamos ás probas oficiais as competicións autorizadas pola FGC en Galicia disputouse unha media de 4 competicións cada fin de semana (táboa 35 e 36)**.

Especialidade	Nº competicións oficiais	Nº Participantes	Nº Xuíces	Media participantes competición	Media xuíces competición	Media participantes xuíz
Compak Sporting	4	151	9	37,75	2,25	16,78
Percorridos Caza pratos	6	321	44	53,5	7,33	7,3
Rastro Xabarlil	14	314	58	22,43	4,14	5,41
Paxariles	3	308	12	102,67	4	25,67
Arco	5	123	11	24,6	2,2	11,18
Cans de Parada	6	196	18	32,67	3	10,89
San Huberto	11	239	53	21,73	4,82	4,51
Rastro Coello	6	315	48	52,5	8	6,56
Cetraría	6	80	8	13,33	1,33	10
Caza Menor	5	70		14	0	
Arceas	5	124		24,8	0	
Raposo	6	1670		278,33	0	
Agility	16	594	16	37,13	1	37,13
	93	4505	277	48,44	2,98	16,26

Táboa 35: resumo da participación nas probas do calendario 2015

	Outras competicións autorizadas
Coruña	45
Lugo	13
Ourense	12
Pontevedra	31
	101

Táboa 36: Outras competicións autorizadas fora do calendario

I. Medalleiro autonómico.

No **Anexo I** da presente memoria consta a relación de tódolos campións das diferentes probas oficiais (autonómicos, provinciais, e copa Galicia), así como a data e lugar de celebración, entroutros datos.

II. Palmarés da selección galega.

Durante esta tempada a selección galega, integrada por 48 deportistas, previamente clasificados nos respectivos Campionatos Galegos, disputaron os Campionatos de España (ou outros campionatos de ámbito estatal) das disciplinas de paxariños, percorridos de caza, compak sporting, xabarlil, san huberto, cetraría, cans de parada, caza menor e arceas, representando tanto á Federación Galega de Caza como á Comunidade Autónoma de Galicia, nos que **acadaron 15 títulos para o Deporte Cinexético Galego**: 5 ouro, 1 prata, e 3 bronce, ademais de 3 cuartos postos, e 3 sextos; cinco títulos máis que na tempada 2014 (táboa 37).

Competicións	Nº deportistas	Podios						Total Podios S.G.
		1º	2º	3º	4º	5º	6º	
Trofeo Mutuasport de Paxariles	13						1	1
Cpto España RRCC	6	1		2	1			4
Cpto España Compak	5	1	1	1				3
Cpto España Xabari	7	1			1		1	3
Cpto España San Huberto	6				1		1	2
Cpto España Cetraría (sky trial)	3	1						1
Cpto España Cans Parada	6	1						1
Cpto España Caza Menor	1							0
Cpto España Arceas	1							0
	48	5	1	3	3	0	3	15

Táboa 37: Palmarés da Selección Galega

• **Podio da selección galega.**

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Posto
Artemio Formoso Barro (Soc. Xuntoira)		Campionato de España de Compak Sporting	Yecla (Murcia)	11 ao 14 de x uño	Handisport	1º
Artemio Formoso Barro (Soc. Xuntoira)		Campionato de España de Percorridos de Caza	Castillejo R. (Soria)	10 ao 12 de x ullo	Handisport	1º
Francisco Rodeiro Eiras/can: Cho (Soc. Touro)		Campionato de España de Cans de Rastro modalidade Xabari	Jatabe (Vizcaia)	7 e 8 de agosto	Absoluta	1º
Miguel Oscar López Penas (Soc. Galega de Cetraría)		Campeonato de España de Altanería (Cetraría)	Osuna (Sevilla)	5, 6, e 7 de decembro	Sky Trial	1º
IRGO DO FONTELO de Iván López López (Soc. Saviñao) conducido por Francisco Gómez González		XXIV Campionato de España de Cans de Parada C.A.C.T.	Tembleque (Toledo)	12 de outubro de 2016	Batería A (R.Británicas)	1º
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc. Río Sar)		Campionato de España de Compak Sporting	Yecla (Murcia)	11 ao 14 de x uño	Súper veterano	2º
María de las Mercedes Saavedra Suárez (Soc. Río Sar)		Campionato de España de Percorridos de Caza	Castillejo R. (Soria)	10 ao 12 de x ullo	Damas	3ª
Antonio Iglesias Otero (Soc. Río Sar)		Campionato de España de Percorridos de Caza	Castillejo R. (Soria)	10 ao 12 de x ullo	Senior 3ª	3º
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc. Río Sar)		Campionato de España de Percorridos de Caza	Castillejo R. (Soria)	10 ao 12 de x ullo	Súper veterano	3º

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Posto
María de las Mercedes Saavedra Suárez (Soc. Río Sar)		Campionato de España de Compak Sporting	Yecla (Murcia)	11 ao 14 de x uño	Damas	4ª
Francisco Romero Álvarez/can: Bala (Soc. Covelense)		Campionato de España de Cans de Rastro modalidade Xabaryl	Jatabe (Vizcaia)	7 e 8 de agosto	Absoluta	4º
Ana Isabel Arbiol Ledesma/can: Drago Potinhos (Soc. Ulloa)		Campionato de España de Caza San Huberto	R. Chavela (Madrid)	12 e 13 de setembro	Damas	4ª
María de los Ángeles Pérez Arcos (Soc. A Faisca)		Copa de Paxariles - Trofeo Mutuasport	B. del Cerro (Badajoz)	30 e 31 de maio	Mixto Pardillo	6ª
Manuel Rodeiro Louzao/can: Rato (Soc. Touro)		Campionato de España de Cans de Rastro modalidade Xabaryl	Jatabe (Vizcaia)	7 e 8 de agosto	Absoluta	6º
Nicolasa González Carrodegua: Don Fontiñas (Soc. Urogallo)		Campionato de España de Caza San Huberto	R.Chavela (Madrid)	12 e 13 de setembro	Damas	6ª

2.2. Formación.

No mes de marzo, os xuíces de rastro eran convocados a unhas **xornadas de unificación de criterios**.



No mes de xuño a FGC celebraba **cursos de formación de xuíces e árbitros** das disciplinas deportivas de Rastro (xabaryl e coello), Tiro (percorridos e compak), e Cans (san huberto e cans de parada), coincidindo coa celebración de Semana Verde-FECAP (en Silleda (Pontevedra), **superando a formación 124 alumnos** dos 136 inscritos.





2.3. Área técnica.

Trala incorporación dos novos 124 xuíces das especialidades de Rastro, Tiro e Cans, citados anteriormente, **a área técnica da FGC queda integrada por 538 xuíces e árbitros, 21 monitores de arco, e 19 adestradores de tiro (táboa 38).**

	Xuíces e Árbitros		Adestradores		Monitores		TOTAL	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Xuíces e árbitros	Adestradores e Monitores
TIRO (RRCC e Compak)	120	0	19	0	0	0	120	19
CANS (S. Huberto e C.	148	8	0	0	0	0	156	0
RASTRO (R. Coello e Xabari)	186	7	0	0	0	0	193	0
PAXARILES	5	0	0	0	0	0	5	0
ARCO	29	1	0	0	19	2	30	21
CETRERIA	22	2	0	0	0	0	24	0
AGILITY	8	2	0	0	0	0	10	0
TOTAL...	518	20	19	0	19	2	538	40

Táboa 38: Xuíces e técnicos da FGC



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Que servizos prestamos?

Os cazadores e as sociedades de caza polo simple feito de estar federados contan, entroutras moitas prestacións, cos seguintes servizos federativos:

- **Seguros de de accidentes persoais con asistencia sanitaria ademais doutras moitas prestacións**, concertado coa única mutua dirixida en exclusiva por cazadores para os cazadores (Mutuasport).
- **Seguros de Responsabilidade Civil e defensa xurídica do cazador e dos cans**, concertados con Mutuasport.
- **Seguros de Responsabilidade Civil de tecores, de batidas, de montarías, de competicións, de xuntas directivas, e outros**, concertados con Mutuasport.
- **Asesoría xurídica**, a cargo dunha avogada experta en lexislación e normativa cinexética, que os asesora gratuitamente (véxase análise da actividade realizada no apartado 1 seguinte).
- **Licenzas para uso de emisoras con frecuencias exclusivas**, de ámbito AUTONÓMICO ou PROVINCIAL, con varios canais de comunicación exclusivos para o uso dos federados. (véxase análise no apartado 2 seguinte).
- A través dos establecementos adheridos ao **Club de Descontos exclusivo para os federados**, os cazadores contan con numerosos descontos e ofertas nos produtos e servizos que precisan para a práctica cinexética (véxase análise dos establecementos adheridos no apartado 3 seguinte).
- Mensualmente tódalas Sociedades de Caza reciben nas súas sedes, e os cazadores federados a través do correo electrónico, a revista **Galicia Cinexética** (véxase análise da súa actividade no apartado 4.1 seguinte).
- Información puntual a través da **Páxina web federaciongalegadcaza.com** actualizada permanentemente por persoal informático da propia Federación e a través dos perfís nas principais **Redes sociais** (véxase análise da súa actividade no apartado 4.2 seguinte).
- Servizo de tramitación de **Licenzas de Caza** para tódalas Comunidade Autónoma do estado.
- Representación nos **Comités Provinciais e Galego de Caza, así como noutros foros nos que se debaten cuestións que afectan á actividade cinexética**, defendendo a postura e dereitos de tódolos cazadores e de tódalas sociedades galegas.
- Información puntual de **Axudas e subvencións**, tanto da Xunta de Galicia como dos Organismos Provinciais.

TODO INCLUÍDO

- > Danos propios
- > Seguro RC obrigatorio
- > Seguro RC voluntario
- > Defensa xurídica
- > RC de Cans ata 30 días despois de perda ou extravío



 **Federación Galega de Caza**
www.federaciongalegadcaza.com



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

- Como alternativa á caza tradicional, os cazadores federados poden participar nas diferentes fases das **Competicións deportivo-cinxéticas**, de 15 especialidades deportivas distintas. Os mellores deportistas de cada disciplina formarán as respectivas seleccións provinciais e galegas que participaran subvencionados pola FGC no Campionato Autonómico, ou no Campionato de España.
- A FGC conta con **Oficinas federativas en tódalas provincias**, ademais da súa sede central en Santiago de Compostela, na que persoal altamente cualificado trata de dar solución ás consultas e problemas que lle plantexan diariamente os cazadores e as sociedades.
- Os federados, as sociedades, as xuventudes, e os xuíces e árbitros, teñen **dereito a elixir ou ser elixidos para os órganos de goberno e representación da Federación Galega e/ou das Federacións Provinciais**.
- O banco de datos **Compartir Caza**, pon a disposición dos cazadores a posibilidade de exercer-la caza en diferentes tecores de Galicia a través de permisos diarios ou temporais; mentres que as sociedades de caza poden utilizar este medio para poñer á venda as súas tarxetas dirixidas a cazadores foráneos.
- A través da campaña **Caza seguro para cazar ben**, impulsada desde a Federación, preténdese concienciar aos cazadores sobre as necesidades de adoptar as máximas medidas de seguridade na práctica da caza para evitar accidentes.
- O **Observatorio da Caza** ten por finalidade o estudo en xeral de distintos aspectos da caza, e nel participan técnicos e científicos que estudan e avalían os diferentes aspectos sanitarios, ambientais, e socioeconómicos.
- A través da **Escola de Caza** a FGC organiza cursos de formación, xornadas, conferencias, e outras actividades encamiñadas á formación e reciclaxe dos cazadores.
- E por último, e máis importante, **a FGC DEFENDE OS INTERESES DA CAZA E DE TÓDOLOS CAZADORES GALEGOS**, ante a Administración e outros sectores, sendo o único órgano interlocutor acreditado (véxase análise das xuntanzas mantidas ao longo deste ano no apartado 5 seguinte).



1. A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA

Un dos servizos máis demandados polos federados e polas sociedades segue a se-lo asesoramento xurídico (informes a consultas que realizan os cazadores, informes a consultas que realizan as sociedades, conflitos entre socios e sociedades, alegacións a denuncias de caza, asesoramento de procesos electorais, de estatutos, de réxime interno, etc., etc.), de feito **máis de 6 de cada 10 trámites realizados polo gabinete xurídico foi precisamente adicado ao asesoramento das sociedades e dos cazadores**, incluídas alegacións a denuncias de caza contra ambos.

Ademais do asesoramento a sociedades e federados, este foi un ano movido en canto aos Tribunais. A demanda interposta pola RFEC contra a FGC, e Contencioso contra a Resolución do Comité Galego de Xustiza Deportiva (CGXD) polo nomeamento do Presidente Provincial de Lugo (ambos casos gañados en primeira instancia, aínda que no caso da demanda da RFEC foi recorrida pola parte contraria ante a Audiencia Provincial), unido ao conflito coa RFEC ocuparon numerosas horas de traballo xurídico.

Os informes técnicos realizados pola Asesoría a petición da Federación xunto cos expedientes disciplinarios tramitados tamén ocuparon boa parte do labor da asesoría (gráfico 39).




Gráfico 39: Trámites da asesoría xurídica durante o 2015

A asesoría xurídica **pechaba o ano cun volume de 801 trámites**, un 8% máis que no 2014, e un 42% máis que no 2013 (gráfico 40, táboa 39).




Gráfico 40: Evolución dos trámites xurídicos no período 2013-2015

	2015	2014	2013
INFORMES XURÍDICOS A SDAES (estatutos, consultas, eleccións, achegas denuncias, conflitos socios, etc)	215	163	188
INFORMES XURIDICOS CONSULTAS CAZADORES	130	136	50
ALEGACIÓN DENUNCIAS CAZA FEDERADOS	157	146	143
EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS	39	24	6
INFORMES FEDERATIVOS E OUTROS	161	272	179
CONFLITO RFEC, DENUNCIA CGXD, ACTUACIÓN TRIBUNAI	99		
	801	741	566

Táboa 39: Evolución dos trámites xurídicos, período 2013-2015

2. AS EMISORAS: ELEMENTO DE SEGURIDADE

A FGC entende que **o uso de emisoras para a caza ofrece ao cazador maior seguridade e reduce notablemente o risco de accidentes**. De feito ao longo dos anos constatouse que o uso deste tipo de dispositivos na actividade cinexética é unha boa práctica, reduciu o número de incidentes e accidentes ao tempo que brinda unha maior coordinación e comunicación aos participantes das cacerías colectivas.

Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, **a FGC conta coa autorización de Telecomunicacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico para a actividade cinexética nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o pasado 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo ata 2018** mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza que é a titular da mesma, co que na actualidade a rede da FGC dispón de 25 frecuencias para o uso dos federados autorizados.

Durante o ano 2015 **máis do 49% dos federados (9.833) empregaban emisoras legalizadas** coas que podían utilizar as 25 frecuencias das que dispón a FGC tralo convenio coa Asociación Lucense.

Os federados, en función das súas necesidades, poden optar poña licenza de radiofrecuencia de uso Provincial ou Autonómico, 5.674 federados elixiron licenza de uso provincial fronte a 4.159 que escolleron a licenza autonómica para poder emprega-la emisora en tódalas provincias (*gráfico 41*).




Gráfico 41: Tipo de emisoras autorizadas

3. O CLUB DE DESCONTOS EXCLUSIVO PARA FEDERADOS

O Club de descontos exclusivo para cazadores federados, nace, a mediados do 2012, **para facilitar aos cazadores federados as mellores ofertas nos artigos e servizos que precisen para a práctica da actividade cinexética**, e ao mesmo tempo abre a posibilidade, a tódalas empresas e establecementos vencellados á caza, de agruparse a través del para ofrece-los seus produtos, xerando así unha importante corrente de oferta e demanda, ao tempo que pon en valor a licenza federativa autonómica.

Na actualidade **existen 75 establecementos asociados**, 43 na provincia de A Coruña, 9 en Lugo, 8 en Ourense, 13 en Pontevedra, 1 de ámbito autonómico, e outro de fora da CCAA

Se analizamos os establecementos pola actividade que ofrecen, observamos que **máis da metade deles, un 55%, son centros psicotécnicos** e clínicas médicas, situándose a continuación as clínicas veterinarias e perruquerías caninas (15%), pero tamén hai armerías, tendas de deportes, e tendas especializadas en aparatos de radiofrecuencia; clínicas de fisioterapia, establecementos de alimentación canina, servizos de caza e ambientais, e incluso hoteis, axencias de viaxe, gasolineras, e xestorías (táboa 40).

Tipo de establecemento	Nº Establecementos	%
Armerías, deportes, e tendas especializadas	8	10,67
Psicotécnicos e clínicas médicas	41	54,67
Caza e actividade ambiental	2	2,67
Centros de Fisioterapia	4	5,33
Pensos	2	2,67
Veterinarios e perruquerías cans	11	14,67
Hoteles e restaurantes	3	4
Outros (Asesorías, gasolineras, informática e tecnoloxía, trofeos)	4	5,33
Total establecementos adheridos	75	

	Nº Establecementos adheridos
CORUÑA	43
LUGO	9
OURENSE	8
PONTEVEDRA	13
OUTROS	2
	75

Táboa 40: Establecementos Club Dtos. por tipo de establecemento e provincia

O maior número de establecementos que ofrecen descontos especiais aos cazadores federados están concentrados nas cidades de A Coruña, Santiago, Vigo, Lugo, e Ourense, pero ata en 34 localidades galegas atoparán os federados algún establecemento adherido ao Club de Descontos (gráfico 42, e imaxe 3).




Gráfico 42: Ubicación dos establecementos adheridos por localidade

Cada mes na Revista Galicia Cinexética publícanse os establecementos adheridos, e na páxina web da FGC están actualizados permanentemente tanto os establecementos como as tarifas de desconto especial que estes aplican aos federados nos diferentes produtos, artigos e servizos que ofrecen.

Clube de DESCONTO/S
Neste clube tes as mellores ofertas para todas as túas necesidades

Para equiparte

- ALBAVERA (Allariz)
- REMANEIRO (Vigo)
- DEA (Melle)
- BLA (Burela)
- MARINHO (Carballo)
- QUENTELA (Vigo)

Para os teus cans

- PERALCAN (Vigo)
- AGRO LÓPEZ (Carballo)
- ESUS DÍEZ (Lugo)
- LONCA GOMEZ (Vigo)
- RECATELO (Vigo)
- AMAROSA (Vigo)

Para coidarte

- CLINICA COSTURA (Carballo)
- CLINICA LÓPEZ (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)

E para moito máis...

- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)
- CLINICA ALON (Carballo)

EXCLUSIVO FEDERADOS

INFÓRMATE

- FGC A CORUÑA: 981 76 2517
- FGC LUGO: 982 25 40 96
- FGC OURENSE: 986 22 54 29
- FGC PONTEVEDRA: 986 65 21 96
- FGC SANTIAGO: 986 54 27 77

Imaxe 3: Establecementos adheridos mes de decembro



4. A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS

A comunicación é un dos retos máis importantes que afronta ano tras ano a FGC no seu afán de que a información chegue clara, directa, e puntual aos seus afiliados. Para elo ao longo destes últimos anos foi elaborando unha completa base de datos de teléfonos móbiles e correos electrónicos para enviar a través de SMS e e-mail noticias puntuais aos cazadores e ás sociedades, pero a Revista Galicia Cinexética (en papel e dixital) maila páxina web federaciongalegadecaza.com son os eixes sobre os que se asenta a comunicación federativa, sen deixar de lado as redes sociais facebook e twitter.

4.1. Galicia Cinexética

Durante o pasado ano, a revista *Galicia Cinexética* editada pola Federación Galega de Caza, mantivo a súa **edición mensual realizando 12 publicacións** comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 60 ao 71.

Mes tras mes enviáronse **exemplares de *Galicia Cinexética*, de xeito absolutamente gratuito, a tódalas sociedades de caza federadas en formato papel, e aos cazadores federados en formato dixital.**

Neste período, *Galicia Cinexética* mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego. Facéndose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinexético así como toda a axenda de traballo e competicións levadas a cabo pola Federación Galega de Caza neste período de tempo.

No ano 2015, *Galicia Cinexética* seguiu contando cos soportes tecnolóxicos, mantendo a súa **páxina web galiciacinexetica.com e consolidándose nas redes sociais co seu perfil en facebook** o cal é seguido por máis de 3.000 usuarios.



As páxinas de *Galicia Cinexética*, ao igual que en anos anteriores, foron un soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza, chegando a máis de 20 insercións publicitarias por mes.

No pasado ano, esta publicación **mantivo unha estreita relación coas sociedades de caza**, recollendo nas súas páxinas todos aqueles eventos e actos que levaron a cabo ditas sociedades. Mostra deste estreito vínculo son as ofertas especiais que *Galicia Cinexética* ofrece para estas Sociedades.

O trato directo cos cazadores por parte de *Galicia Cinexética* fíxose patente mes a mes, sendo esta publicación un soporte onde os apaixonados da caza teñen o seu espazo. Tanto no pasado, no presente como futuro, *Galicia Cinexética* foi e seguirá sendo a revista dos cazadores galegos



4.2. Páxina web: federaciongalegadecaza.com, e redes sociais

Un sitio de referencia

Un ano máis a páxina web da Federación Galega de Caza segue a ser a referencia absoluta para os cazadores galegos, como demostra unha simple procura no buscador Google:




Se buscamos “caza Galicia” no buscador máis empregado do mundo, a primeira referencia inmediata é o sitio web da FGC, mesmo superando á propia páxina da xunta de Galicia.

Este tipo de buscadores analiza as páxinas webs que teñen unha maior repercusión no tema a buscar, e unha maior cantidade de información ao respecto, o que pon de manifesto a relevancia da versión dixital da Federación Galega de Caza en canto á fonte de información.


As visitas

Con **91.022 visitas absolutas no ano 2015**, a afluencia de visitantes aumentou nun 8,15% respecto ao ano pasado, unha importante suba que rompe coa estabilidade dos últimos anos e mesmo cunha leve baixada no 2014, o que denota a forza da web da FGC.



Novamente as seccións máis populares da web foron as do **Taboleiro de Anuncios**, e **todas aquelas relacionadas coas Competicións**: calendario, novas de competicións, galería de fotos, etc. A información legislativa tamén foi novamente das máis visitadas, co apartado de Lexislación e "A FGC responde" entre as principais consultas.


Destaca a presenza da **sección dedicada ao exame do cazador como unha das máis visitadas no ano**, indicando a importancia da información relativa a este trámite na páxina da FGC.



O móbil, cada vez máis protagonista

Se o ano pasado destacaba a presenza do móbil como unha ferramenta de acceso cada vez máis notoria, no pasado ano esta tendencia aumentou considerablemente, **pasando do 30% ao 45%**, chegando case a igualarse co acceso a través do ordenador, que baixa ata o 55%.


É probable que nos vindeiros anos os móbiles e outros dispositivos similares (tabletas, televisores intelixentes, etc) **se convertan no modo primordial de acceso á web da FGC**, polo que deberían estudarse contidos adaptados especialmente a estes dispositivos.



As principais poboacións galegas, orixe das visitas


As grandes capitais, tanto galegas como españolas, seguen a ser as que concentran o maior volume de tráfico cara a nosa web. Novamente **A Coruña segue liderando a táboa de poboacións galegas visitantes co 17,12% do tráfico**, aínda que destaca este ano a capital nacional cun primeiro posto e o 22,66% das visitas totais. Este feito pode darse non só pola afluencia real de visitantes dende esta comunidade, senón tamén porque moitos usuarios de Internet son identificados pola capital do seu país cando non se pode detectar a súa orixe real.

Polo demais, as principais poboacións galegas seguen a ser as que máis vistas aportan á web da Federación.



1. Madrid	19.848 (22,66 %)
2. A Coruña	14.991 (17,12 %)
3. Santiago de Compostela	10.413 (11,89 %)
4. Vigo	9.384 (10,71 %)
5. Lugo	6.608 (7,54 %)
6. Ourense	4.783 (5,46 %)
7. (not set)	3.968 (4,53 %)
8. Pontevedra	3.883 (4,43 %)

Google segue a ser o referente nas visitas



Pese a que o buscador **Google segue a ser o gran referente, manténdose no 60% das visitas** que chegan á páxina web da Federación, as redes sociais seguen a aumentar a súa influencia no tráfico da páxina federativa.

De entre as redes sociais, **Facebook segue a ser a primordial, aportando case o 13% das visitas**. Neste senso, hai que destacar a cada vez máis frecuente publicación de contidos na páxina de Facebook da FGC, que **contaba, a 31 de decembro de 2015, con 1419 seguidores**.



Aínda que de xeito moito máis tímido, o cazador galego tamén comeza a usar cada vez máis a segunda gran rede social: Twitter. Proba delo é que **o perfil da FGC nesta rede xa contaba con 645 seguidores** a 31 de decembro de 2015, se ben estes seguidores non están tan activos nen aportan tantas visitas aos contidos da web federativa como Facebook.

Os campionatos de raposo triunfan en Facebook


Se botamos unha ollada ás publicacións que tiveron maior repercusión no Facebook, **cabe destacar a grande importancia das competicións de raposo**, que coparon boa parte do top de publicacións.

No obstante foi a **modificación do período de adestramento de cans** a protagonista absoluta en canto ás redes sociais se atendemos ao número de reaccións ("clicks" na publicación, "Me gusta" e comentarios).

Publicado	Publicación	Type	Targeting	Reach	Casamento
11/02/16 10:32	MODIFICACION PERIODO ADESTRAMENTO Resolución do 2 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Co			18,5K	2,5K 568
26/02/16 14:15	Los cazadores se concentrarán el 1 de marzo ante el Congreso de los Diputados para denunciar el "olvido pol			35K	2K 2,4K
13/02/16 20:06	O equipo "O Picato" de Lugo adxudícase a Copa Provincial de Caza de Raposo de Lugo disputada en Porto			5,3K	842 131
15/02/16 12:49	Participaron 48 grupos de toda Galicia e capturáronse 57 raposos A CUADRILLA "O PICATO", CON CATRO C			4K	767 81
13/02/16 15:28	Medio millar de cazadores no Campionato de Caza de Raposo en Portomarin			5,9K	600 189

Emisoras e zonas libres, temas que interesan

Polas procuras no buscador da páxina web, podemos facernos unha idea das principais dúbidas e intereses dos cazadores, e aquela información que buscan na nosa web:



Un ano máis, **as emisoras e as zonas libres de caza** son os principais protagonistas nas procuras de información da nosa web.

4.3. Medios de comunicación xeralistas



A información cinexética, en xeral, apenas ten repercusión nos medios de comunicación xeralistas agás a apertura e peche da tempada cinexética ou sucesos puntuais, por iso o labor das páxinas web especializadas (club de caza, caza wonke, coto de caza, caza world, entroutras) xunto co espazo radiofónico **Caza e Pesca na Galega** -que dirixe Rodrigo Pérez e que conduce o Director de Galicia Cinexética Antón Arrojo-, e co **magazine de Canal Vía V** que dirixe Luis Macías, son os medios que os cazadores galegos escollen maioritariamente para informarse da actualidade cinexética.



5. AXENDA: REUNIÓN E ACTIVIDADES

A axenda do 2015 estivo repleta de actividades -como se pode constatar no **Anexo II** desta memoria-, en moitas ocasións con dificultades para cadrala e así poder estar presente en tódolos actos e xuntanzas aos que a FGC era convocada ou convidada.

As competicións foron sen dúbida as grandes protagonistas das fins de semana, pero ao longo da semana a actividade tampouco decaeu.

As reunións institucionais (Medio Ambiente, Secretaría Xeral para o Deporte, Medio Rural, Grupos Parlamentarios, Delegado do Goberno e Subdelegado na Coruña, Valedora do Pobo, Directora de Turismo de Galicia, Ufedega, Mutuasport, F-8, etc.) e as dos diferentes órganos da Federación foron as que marcaron a actividade principal pero a elas hai que engadirlle as numerosas entrevistas que se despacharon na Federación así como a participación en varios grupos de traballo, foros de debate, conferencias e outros encontros.

5.1. Reunións Institucionais

O ano comezaba co **traspaso de poderes** entre o presidente da Xestora, José Luis Valcárcel, e o presidente electo, Javier Nogueira, o 5 de xaneiro.



A penas sete días máis tarde do traspaso de poderes, o presidente da FGC nomeaba á **nova Xunta Directiva**, e o día 21 celebraban a súa primeira xuntanza para poñer en marcha os proxectos que se encaran nos vindeiros catro anos.



A FGC tamén se reuniu durante este ano en numerosas ocasións cos máximos responsables da **Secretaría Xeral para o Deporte, de Medio Ambiente, e de Montes**. Ademais das xuntanzas periódicas habituais con estes departamentos celebráronse outras puntuais nas que se trataron temas de natureza diversa que afectan á caza, ao deporte, e ao uso monte.



En canto á Administración Cinexética, hai que dicir que durante este ano pasamos por dúas Conselleiras e dúas Directoras Xerais distintas, e que a "munición sen chumbo" foi un dos temas recorrentes na meirande parte dos encontros.



No mes de novembro a nova Conselleira, Beatriz Mato, e a nova Directora Xeral, Ana Díaz, celebraron o primeiro encontro cos representantes dos cazadores visitando as instalacións da FGC en San Lázaro (Santiago).



A polémica xerada sobre a **munición sen chumbo** marcou sen dúbida a axenda federativa do verán.



Nada máis coñecerse a iniciativa presentada polo BNG no Parlamento de Galicia coa que, a través dunha proposición de Lei, se pretendía modifica-la actual Lei de Caza para prohibilo uso de perdigóns con chumbo, a FGC solicitou sendas entrevistas co Presidente da Xunta, coa Conselleira de Medio Ambiente, e cos voceiros dos diferentes Grupos Parlamentarios.



Os representantes federativos trasladáronselle á Conselleira e aos Grupos Parlamentarios, que de seguir adiante con esta proposición para prohibilo uso do chumbo na munición de caza a FGC oporíase frontalmente a esta medida por considerala precipitada, desinformada e carente dunha base científica sólida para ser levada a cabo, ao tempo que lle entregaron un dossier elaborado pola USC sobre "o chumbo na munición de caza".





Tamén se interesaron pola situación da munición sen chumbo os grupos *Compromiso por Galicia* e *Nos-galeguista*, que se achegaron á sede da federación para coñece-la postura dos cazadores galegos ante esta situación.



O *Comité Galego de Caza*, os *Comités Provinciais de Caza*, o GT do *Plan de Xestión Integral do Xabarl en Galicia*, a *Xunta de Homologación de Trofeos*, o *Consello Forestal de Galicia*, e o GT de *Revisión do Plan Forestal de Galicia*, nos que participa a FGC tamén celebraron varias xuntanzas ao longo do ano.



A FGC mantíña un encontro co novo *Delegado do Goberno en Galicia*, para trasladarlle ao igual que xa fixera co seu antecesor no cargo, entroutros asuntos, o uso do "pinganillo" na acción de caza como medida de seguridade para tratar de evitar accidentes nas cacerías colectivas.

O novo Delegado, tamén entende que neste caso non debe aplicarse o Regulamento de Armas senón que debe derivarse á Lei de Caza de Galicia ao tratarse dun feito que se da durante unha acción de caza.

Meses máis tarde, a reunión era co *Subdelegado do Goberno na Coruña*, debido ás dificultades que se estaban a poñer desde a demarcación de Ferrol na homologación dos armeiros, cuestión que trala intervención da FGC se resolveu favorablemente para os cazadores.

Apenas tomar posesión a nova **Valedora do Pobo**, unha representación da FGC trasladáballes o parecer dos cazadores en relación a certos pronunciamentos feitos públicos polo Valedor anterior, concretamente sobre a idade mínima para cazar en Galicia (16 anos) e sobre as recomendacións realizadas á Xunta para prohibir a caza en vías asfaltadas.

Os responsables federativos ofrecíanlle á nova Defensora do Pobo a súa colaboración en calquera asunto referente a materia cinexética; colaboración que agradeceu a Valedora ao tempo que se amosou disposta a manter unha fluída relación entre ambas dúas institucións nesta nova etapa.



A FGC tamén se reuniu coa **Directora de Turismo de Galicia** para presentarlle un proxecto sobre o "turismo cinexético", mediante o que a FGC pretende dar un impulso económico ás arcas rurais ao tempo que podería servir como incentivo para atraer a cazadores doutras Comunidades, favorecidos pola Licenza de Caza Interautonómica, e tamén de estímulo para o sector turístico avalado por unha ampla rede de turismo rural e pola riqueza paisaxística da Comunidade.

A Directora de Turismo amosouse receptiva e comprometida co proxecto e instou á FGC a que prepare un borrador sobre o que traballar para tratar de sacar adiante este ambicioso plan.

As xuntanzas da **Mutua de Seguros Deportivos Mutuasport**, da que a FGC a través do seu presidente forma parte do Control Interno, da Comisión Executiva, e do Consello de Administración, tamén marcou unha boa parte da axenda do Presidente Galego.



Ao igual que o ano anterior, o **conflito entre a RFEC e o grupo de Federacións F8** tamén marcaron unha boa parte do calendario deste ano.

A FGC tampouco quixo perderse a **"Manifestación en defensa da caza"** celebrada en Toledo, na que máis de 6.000 cazadores de toda España se manifestaron para defender e reivindicar a caza como actividade tradicional e compatible coa conservación da natureza, ao tempo que deste xeito daban resposta aos ataques que o sector cinexético viña recibindo de colectivos radicais anti-caza.



A **Oficina Nacional de la Caza, a Conservación e o Desenvolvemento Rural (ONC)**, na que está integrada a Federación Galega de Caza, converteuse este ano na única representante dos cazadores españois como membro da Federación de Asociacións de Caza e Conservación Europeas (FACE), onde está facendo que se escoite a voz dos cazadores españois en asuntos tan controvertidos como a directiva de armas e a reforma das directivas de aves e hábitats.



No mes de abril celebrábanse eleccións á **Unión de Federaciones Deportivas Galegas (UFEDEGA)**, na que se proclamou a única candidatura presentada, presidida polo actual presidente de Federación Galega de Atletismo (FGA) e de cuxa xunta directiva tamén forma parte a Federación Galega de Caza a través do seu presidente.

Ademais das reunións institucionais, a FGC celebrou ao longo do ano numerosas xuntanzas de tódolos seus órganos (assemblea xeral, comisión delegada, xunta directiva, xunta executiva, comité de xuíces e árbitros, e comisión de competicións), así como reunións puntuais de diversas disciplinas deportivas.



5.2. Xornadas, cursos e conferencias


- **Foro Biomasa** (Ourense, 13 de xaneiro e 4 de decembro), a FGC participou na primeira e segunda edición do Foro Biomasa celebrado no Parque Tecnolóxico de Ourense.

- **Xuntanza de Mutuasport cos traballadores da FGC** (29 de abril, Santiago), o persoal da FGC era convocado polo Director Xerente de Mutuasport a unha xuntanza para informalos dos novos proxectos da entidade tanto a nivel de xestión como de promocións e servizos destinados ao cazador federado.



Durante a xuntanza os traballos da federación trasladáronlle ao responsable de Mutuasport as inquiredas e suxestións que reciben a diario dos cazadores federados, sobre todo no referente ás coberturas dos seguros e á tramitación dos accidentes; suxerencias que o Director da Mutua acolleu de bo grado ao tempo que se comprometeu en mellorar todo o posible os servizos de Mutuasport e as coberturas dos seguros.

- **Xuntanzas pola Caza** (16 de maio, Cerdedo), a localidade pontevedresa de Cerdedo acollía a primeira edición de Xuntanzas pola Caza na que se congregaban máis de 200 cazadores.



- **Periodipesca** (Cortegada, do 28 ao 31 de maio), a asociación Periodipesca, celebraba no municipio ourensán de Cortegada a 23ª edición do seu Congreso Internacional de Periodismo especializado en caza, pesca, medio ambiente, turismo rural e de aventura; xornadas ás que tampouco deixou de faltar a FGC, que ademais de estar presente a través de varios Directivos, participou nas xornadas técnicas coa conferencia "El apasionante mundo del deporte de la caza" impartida polo seu presidente.



- **Semana Verde-FECAP** (Silleda, do 11 ao 14 de xuño), un ano máis a FGC participou nas actividades da Feira de Caza e Pesca celebrada paralelamente á Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

Ademais de contar cun stand no que se atendía ás persoas que se interesaban por calquera cuestión relacionada coa actividade cinexética e deportiva, tamén había un stand específico de cetraría e outro de arco, así como numerosas actividades programadas, entre as que cabe salientar os cursos de xuíces de cans (san huberto e c.parada), de rastro (coello e xabaril), e de tiro (RRCC e compak), ademais da celebración dunha proba regular de Agility e diversas actividades de arco e cetraría.




Simultaneamente á Feira desenvolveuse nas instalacións do propio recinto feiral a primeira reunión da nova Xunta de Homologación de Trofeos.

- **Visita ás instalacións da FGC dos alumnos de Control e Protección do Medio Natural** (Santiago, 30 de xuño), por terceiro curso consecutivo os alumnos do curso de Protección do Medio Natural do




Centro San Paio do Monte de Santiago, achegáronse ás instalacións da FGC en San Lázaro para coñece-lo funcionamento da federación, e durante a visita participaron nunha conferencia impartida polo Secretario da FGC, Ramón Rodríguez, e polo Vocal, Emilio Bolaño; así como nunha posterior saída ao Pedroso para coñece-las pegadas do lobo, xabaril, e outros animais.



Uns meses máis tarde, catro dos alumnos que participaron nesta visita realizaron prácticas formativas non profesionais na sede federativa, durante as que desenvolveron dous proxectos de especial interese para a actividade cinexética, o *"Seguemento da EVH do coello de monte"*, e *"A incidencia dos incendios forestais nos terreos cinexéticos"*.



Durante a súa estadía na FGC, tamén se realizaron como parte da formación dúas saídas de campo, durante as que se lles ensinou como se desenvolve unha competición deportiva ao tempo que coñeceron as magníficas instalacións da SD Rio Sar, e como se xestiona un tecor visitando os biotopos e as maravillosas paraxes do tecor A Laxe.



- **Xornadas sobre o seguro de accidentes deportivos organizadas pola UFEDEGA** (Santiago, 2 de xullo), entroutros, actuou como ponente o Director Xerente de Mutuasport que disertou durante a súa intervención sobre os seguros de accidentes durante a práctica do deporte.

- **Taller de paisaxes de Galicia** (Santiago, 7 de outubro), a FGC tamén asistiu ao proceso de participación cidadá que elabora o Catálogo das Paisaxes de Galicia para a xestión e ordenación da paisaxe galega, que está a desenvolver o Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia en colaboración coa USC.



- **Presentación do Estudo sobre a Triquinelosis na Fauna Silvestre do Noroeste Español** (Lugo, 27 de decembro), representantes da FGC tamén asistiron á presentación da Tesis Doutoral sobre o estudo da Triquinelosis realizada no Hospital Veterinario Rof Codina.

5.3. Galas e entregas de premios

A FGC tamén estivo presente na práctica totalidade dos actos e galas de entrega de premios e distincións ás que foi invitada, entre as que cabe mencionalas seguintes:

- **Gala do Deporte do Concello de Santiago**, celebrada no Auditorio de Galicia en Santiago, o 10 de febreiro.
- **Premios ao Deporte Galego (Xunta de Galicia)**, celebrada en Vilagarcía o 9 de abril.
- **Día do Olimpismo Galego**, celebrado en Pontevedra o 23 de xuño.
- **Entrega de distincións ao mérito deportivo de Galicia**, celebrada en Vilalba o 9 de xullo.
- **Gala Premios Galegos do ano de *El Correo Gallego***, celebrada en Santiago o 22 de outubro.
- **Entrega de Premios da Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXADE)**, celebrada en Oleiros o 23 de outubro.



5.4. Festas da Caza

Outros actos importantes que congregaron centos de cazadores, foron a **Supercopa Galega de Caza do Raposo**, que nesta edición tivo lugar en Lalín o 31 de xaneiro; a **Festa da Caza de Lugo** celebrada en Portomarín os días 30 e 31 de maio; e a **Festa da Caza de Rodeiro** que se desenvolvía o 31 de outubro,



5.5. Xuventudes pola Caza

A FGC consciente de que se fai necesario o relevo xeracional, pois non podemos esquecer que Galicia en menos de 30 anos perdeu a metade dos cazadores, e que o 35% dos cazadores actuais superan os 60 anos mentres que apenas o 7% son menores de 31 anos, acordou, na asemblea do mes de decembro, a creación do colectivo de Xuventudes pola Caza, no que se integran os cazadores federados menores de 31 anos.



Este colectivo nace co obxecto de promover e divulgar a caza, e tódalas actividades relacionadas con ela, ou coa práctica das distintas especialidades deportivas tuteladas pola FGC, entre os mozos.

Santiago, 31 de decembro de 2015

ANEXO I - MEDALLEIRO AUTONÓMICO E CALENDARIO DEPORTIVO

XABARIL CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

<i>Deportista</i>		<i>Competición oficial</i>	<i>Lugar</i>	<i>Data</i>	<i>Categoría</i>	<i>Sociedade</i>
José Luis Iglesias Neira/can: Cañón (Soc. A Magdalena)		Campionato Provincial de Coruña	Santa Comba (A Coruña)	27 de xuño de 2015	Absoluta	Xallas
Martín Martínez García/can: Padilla (Soc. Mindoniense)		Campionato Provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	31 de maio de 2015	Absoluta	San Nicolás
Jesús Ares Lorenzo/can: Ole (Soc. O Irixo)		Campionato Provincial de Ourense	Baltar (Ourense)	20 de xuño de 2015	Absoluta	Baltar
Salvador Sestelo Núñez/can: Vikingo (Soc. Tomiñesa)		Campionato Provincial de Pontevedra	San Andrés de Xeve (Pontevedra)	13 de xuño de 2015	Absoluta	O Campo
Francisco Rodeiro Eiras/can: Cho (Soc. Touro)		Campionato Galego	Meira (Lugo)	4 de xullo de 2015	Absoluta	Meira

CAZA SAN HUBERTO CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

<i>Deportista</i>		<i>Competición oficial</i>	<i>Lugar</i>	<i>Data</i>	<i>Categoría</i>	<i>Sociedade</i>
Ramón Picallo Piñón/can: Risto das Fontiñas (Soc. Urogallo)		Campionato Provincial Coruña	Cedeira (A Coruña)	23 de maio de 2015	Masculina	Cedeira
Nicolasa González Carrodegua/can: Río dos Aluches (Soc. Urogallo)					Damas	
Eloy Rodríguez Martínez/can: Umcle-Sam de los Tres Robles (Soc. Barbanza)					Spaniels Springer	
René Vale García/can: Suayper de Piago (Soc. Alcotán)		Campionato Provincial de Lugo	Portomarín (Lugo)	31 de maio de 2015	Masculina	San Nicolás
Francisco Otero González/can: Indio de Pasarín (Soc. Manzaneda)		Campionato Provincial de Ourense	Sandiás (Ourense)	11 de abril de 2015	Masculina	Sandiás
Juan José Canosa Vigo/ can: Thor de Forvelaz (Soc. Prado Salgueiro)					Spaniel Springer	
Álvaro Otero Aradas/can: Gio da Serra (Soc. A Laxe)		Campionato Provincial de Pontevedra	Tomiño (Pontevedra)	11 de xullo de 2015	Masculina	Tomiñesa
Saturnino Pereira Vidal/can: Andromeda Estrela Tebras (Soc. Gondomarense)					Spaniel Springer	
Jorge Martín Sánchez/can: Fio da Chousa (Soc. Pedrapartida)		Campionato Galego	Mazaricos (A Coruña)	18 de xullo de 2015	Masculina	Halcón
Nicolasa González Carrodegua/can: Río dos Aluches (Soc. Urogallo)					Damas	
Saturnino Pereira Vidal/can: Andromeda Estrela Tebras (Soc. Gondomarense)					Spaniel Springer	

CANS DE PARADA CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

<i>Deportista</i>		<i>Competición oficial</i>	<i>Lugar</i>	<i>Data</i>	<i>Categoría</i>	<i>Sociedade</i>
FROUMA DO FONTELO - Iván López López (Soc. Saviñao)		Campionato Federación da Coruña	Cedeira (Coruña)	16 de maio de 2015	Razas Británicas	Cedeira
ARIS POL DARRIBA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegál)					Razas Continentais	
INFERNO DO FONTELO - Iván López López (Soc. Saviñao)		Trofeo Cidade de Lugo	Portomarín (Lugo)	31 de maio de 2015	Razas Británicas	Monte Pena Maior
ARIS POL DARRIBA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegál)					Razas Continentais	

CANS DE PARADA CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
FABRI DE CARTANA - Roberto Dopico Dopico (Soc. Valdiviño)		Copa Federación de Pontevedra	Gondomar (Pontevedra)	27 de xuño de 2015	Razas Británicas	Gondomarense
ARIS DE POLDARRIBA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegal)					Razas Continentais	
CHICO DE TORRES DA VARELA - Carlos Lalín Ferreiroa (Soc. Lalín)		Campeonato Galego	Mazaricos (A Coruña)	12 de xullo de 2015	Razas Británicas	Halcón
ARIS POL DARRIBA - José Vicente Cortés Doce (Soc. Ortegal)					Razas Continentais	

COMPAK SPORTING CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGO

Deportista		Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	Sociedade
Antonio Iglesias Otero (Soc. Río Sar)		Campeonato Provincial de Coruña	Vilouchada-Chaián, Trazo (A Coruña)	26 de abril de 2015	Absoluta	Río Sar
Antonio Iglesias Otero (Soc. Río Sar)					Senior	
Alejandro Fernández Seco (Soc. Venatoria Puentes)					Junior	
Elisardo Cea Cebreiro (Soc. Río Sar)					Veterano	
María de las Mercedes Saavedra Suárez (Soc. Río Sar)					Dama	
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc. Río Sar)					Súper veterano	
